



D. Emilio Seijo Frías, Secretario do Concello de Sada (A Coruña).-

CERTIFICO: Que o sr. Alcalde-Presidente ditou no día da data vinte e tres de decembro de dous mil dez a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

“Dada conta da solicitude de licenza de primeira ocupación formulada pola entidade “Promociones Inmobiliarias Folgar S.L.”, titular do CIF B-15682370, con respecto ás obras de edificación executadas no ámbito da UEI-20, no marco das licenzas urbanísticas municipais nº 1061/2004 e da nº 348/2007 que reforma a anterior, cun total de 92 vivendas, 49 no bloque “A” e 43 no bloque “B”, e garaxes, tendo achegado o certificado final de obra asinado polo arquitecto D. Fermín Corrochano Casares, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 5-5-2010; unha vez que foron recepcionadas as obras de urbanización da dita unidade de execución e consonte aos informes técnicos e xurídicos favorables do Servizo de Urbanismo, esta Alcaldía consonte ás competencias outorgadas polo art. 21.1º.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolve:

- 1º.- Outorgar a licenza de primeira ocupación solicitada.-
 - 2º.- O importe dos tributos inherentes a esta licenza ascenden á contía de 38.936,99 euros.-
- Dado en Sada, a vinte e tres de decembro de dous mil dez.”

E para que así conste e produza os efectos que proceda, expido a presente de orde e co visado do sr. Alcalde, en Sada, a vinte e tres de decembro de 2010.-

Vº e prace:

O alcalde,

